



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ANUNCIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA DE DOUS/DÚAS PEÓNS/AS FORESTAIS EN BASE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) E ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO FINANCIADA POLA XUNTA DE GALICIA

Na sesión celebrada o día 26 de maio de 2022, o Tribunal do proceso selectivo para a contratación laboral temporal a xornada completa de dous/dúas peóns/as forestais en base á subvención concedida para o fomento do emprego no medio rural (APROL rural) e elaboración dunha bolsa de traballo financiada pola Xunta de Galicia adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Vista a reclamación presentada por LCL***9116** á pregunta número 11 "*Que cantidade de aceite debe levar o combustible dunha desbrozadora?*", a interesada considera que a resposta correcta é a c), indicando que a porcentaxe de aceite para 1l de gasolina varía segundo a ficha técnica do fabricante e referíndose a un modelo en concreto; polo que o Tribunal desestima esta reclamación porque a porcentaxe do 2,5 % indicada na resposta a) entra dentro dos límites regulamentarios especificados nos manuais de todas as desbrozadoras; e porque, o enunciado en ningún momento se refire a un modelo concreto, senón que é unha pregunta xenérica.

SEGUNDO. Con respecto á reclamación presentada por LCL***9116** á pregunta 16: "*Cando é aconsellable engraxar unha desbrozadora?*", de novo, o Tribunal non se refire a un modelo ou marca concreto de desbrozadora, e como ben di a interesada, ningún manual especifica nada, é unha pregunta xenérica de mantemento habitual da maquinaria, polo que o Tribunal non considera esta reclamación causa xustificada suficiente para anular a pregunta.

TERCEIRO. Acórdase publicar o **resultado dos/das aspirantes que superaron o 2º e 3º exercicio** da fase de oposición segundo o previsto no punto 8.A das bases e de acordo co previsto nesta base, os/as aspirantes terán un prazo de 2 días hábiles dende a publicación deste acordo para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

APELIDOS E NOME	DNI	2º EXAME	3º EXAME
FFM	***8364**	4,46	CELGA
FTJ	***3785**	4,6	CELGA
FFM	***2842**	3,52	CELGA
LLJ	***0599**	2,6	APTO
PG	***8250**	3,26	APTO
ROD	***3913**	4,8	CELGA

Muros, 26 de maio de 2022

O presidente

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257